

# MÁS MEDIOS MELLOR ORGANIZACIÓN MELLOR XUSTIZA

## TELÉFONOS DE CONTACTO

**A Coruña**  
698 16 34 67  
657 76 86 93

**Lugo**  
616 78 88 81  
639 92 12 02

**Pontevedra**  
646 02 30 58

**Ferrol**  
637108945

**Ourense**  
636 42 41 91

**Vigo**  
669 76 00 87

## MÁS INFORMACIÓN EN:



**Confederación Intersindical Galega**  
**SECTOR XUSTIZA**



A **CIG** denuncia a caotica situación da Administración de Xustiza en Galiza como consecuencia da entrada en funcionamento do novo modelo organizativo creado pola Lei de Eficiencia, e **ESIXE SOLUCIÓNS URXENTES.**

A Dirección Xeral, responsable do caos, debe abrir a negociación para abordar a reforma de todas as rpts en base ao seguinte

## DECÁLOGO

### UN.- CREACIÓN DE PRAZAS EN TODOS OS SERVIZOS

A nova organización é insostible se non ven acompañada de máis persoal en todos os servizos, tanto nas vilas como nas cidades.

### DOUS.- CONFIGURACIÓN DE SERVIZOS COMÚNS XERAIS NAS VILAS PARA O REXISTRO E REPARTO, COA CONSEGUINTE DOTACIÓN DE PERSOAL

### TRES.- CONSTITUCIÓN DE EQUIPOS ESTRUCTURAIS

Son imprescindibles en moitos servizos e necesarios para conseguir unha verdadeira especialización (familia, mercantil, social, contencioso,..). Tamén nos Servizos Comúns Xerais das cidades para as compañeiras de auxilio xudicial.

### CATRO.- VIOLENCIA DE XÉNERO

Aumento do número de prazas especializadas nas sete grandes cidades e establecemento de códigos VSM nas rpts das oficinas das vilas. Adecuación do novo cadro de persoal aos horarios reais destas prazas

### CINCO.- MÁIS MEDIOS MATERIAIS

Incremento de escáneres, tabletas para as dilixencias fóra das sedes, cámaras de maior resolución, teléfonos .....

### SEIS.- MÁIS NEGOCIACIÓN E MENOS IMPOSICIÓN

Rexeitamos esta organización baseada na arbitrariedade e até no nepotismo.

Esiximos unha canle de negociación real coas Secretarías de Coordinación e as Direccións dos Servizos.

### SETE.- PRAZAS ESPECÍFICAS PARA AS LABORES GOBERNATIVAS

A realización de labores governativas por persoal inicialmente destinado a outras facetas supón un déficit de capacidade de traballo no servizo ao que pertence.

### OITO.- QUE SE ACATE O ESTABLECIDO NA D.T. 1ª DO RD 1451/2005

Esiximos que se respecte a reserva funcional por supor un dereito determinado pola norma, TAMÉN para o corpo de auxilio xudicial.

### NOVE.- TELETRABALLO

Que se poña fin dunha vez a esta discriminación con respecto ao resto de Administracións.

### DEZ.- FORMACIÓN PRESENCIAL

Para todo o persoal, pero en especial para aquel sen experiencia previa. Creación de prazas nas rpts con funcións de formación.

**MÁIS  
MEDIOS  
MELLOR  
ORGANIZACIÓN  
MELLOR  
XUSTIZA**

